



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA ONCE DE XANEIRO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000002

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e cincuenta e cinco minutos do día once de xaneiro de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 9 de data 10 de xaneiro/2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández: dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, Alejandro Antonio García Sousa e dona Tamara Sabín Caamaño.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro e asiste a interventora municipal dona Elisa Marqués Parrilla.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, ésta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 05.01.24 (EXTRAORDINARIA).-

O sr. alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 05.01.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- APROBACIÓN DA CANCELACIÓN DA GARANTÍA DEFINITIVA ASOCIADA AO PROXECTO DE ACOMETIDA ELÉCTRICA E BOMBEO EN A CUBETA (MEIRÁS).-

PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA referente a cancelación da garantía definitiva asociada ao proxecto de acometida eléctrica e bombeo en A Cubeta (Meirás)

“Conforme o disposto no parágrafo 1º do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014

Tendo en consideración o apartado 37 do Prego de cláusulas administrativas referido ao proxecto de acometida eléctrica e bombeo en A Cubeta (Meirás), o prazo de garantía terá un prazo de garantía de UN (1) ANO contado a partir da data de recepción.

Examinado o expediente 2020/C003/000002 consta Acta de recepción da Acometida eléctrica e bombeo en A Cubeta (Meirás) asinada en data 29 de decembro do 2021 facendo constar que (...) con base no así verificado, o Concello contratante recibe as obras (...).

Ao abeiro do artigo 243.3 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/ UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro do 2014. o Director facultativo da obra redactou informe favorable respecto ao estado das obras do Proxecto de acometida eléctrica e bombeo en A Cubeta (Meirás) en data 29 de novembro do 2023.

Según informe emitido pola Tesourería municipal en data 18 de decembro do 2023, (...) consta depositado ante a Tesourería municipal do Concello de Valdoviño aval bancario por importe de MIL DOUS CENTOS CORENTA E NOVE EUROS CON NOVENTA E CINCO CÉNTIMOS (1.249,95 €) o 13 de abril do 2021 con referencia 320210000081 a nome de Técnica Norte Electricidad S.L. con C.I.F. núm. B70142369, segundo o acordado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria celebrada en data 22 de abril do 2021.

Consta no expediente 2023/X002/000018 a documentación notarial referida á fusión de absorción da entidade Técnica Norte Electricidad S.L. con C.I.F. núm. B70142369 pola entidade Lumea Soluciones Eléctrica S.L.U. con C.I.F. núm. B94108362.

Visto canto antecede, conforme o enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN**

Primeiro.- Devolver a garantía definitiva asociada ao ao Proxecto de acometida eléctrica e bombeo en A Cubeta (Meirás) con referencia contable 320210000081 que consta a nome de Técnica Norte Electricidad S.L. con C.I.F. núm. B70142369 á entidade Lumea Soluciones Eléctrica S.L.U. con C.I.F. núm. B94108362.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/X002//000018).

3º.- APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MOECHE E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL-

PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA para APROBAR O CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MOECHE E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL

“Visto a situación de escaseza de persoal do Concello de Moeche, e de xeito transitorio, o Concello de Valdoviño pon a disposición a unha das súas funcionarias para a prestación dos servizos e funcións que lle son propias.

En virtude da Lei 2/2015, de 29 de abril, de emprego público de Galicia, que regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

Vista a Resolución da Alcaldía Presidencia do Concello de Moeche asinada en data 9 de

xaneiro do 2024 respecto á aprobación do Convenio de colaboración en materia de persoal entre as entidades locais (número de identificador 9846303659d1ffd109db da Dirección Electrónica Habilitada Única -DEHÚ-).

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas polo artigo 21.1 apartados h) e s) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora do Réxime local esta Alcaldía PROPÓN á Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte ACORDO

Primeiro.- Aprobar o Convenio de colaboración entre o Concello de Moeche e o Concello de Valdoviño en material de persoal que se transcribe deseguido.

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MOECHE E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL

En Moeche, a de xaneiro do 2024

COMPARECEN

Por unha parte, Dona Beatriz Bascoy Maceiras, Alcaldesa-Presidenta do Concello de Moeche, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Por outra parte, Don Alberto González Fernández, Alcalde-Presidente do Concello de Valdoviño, en uso das atribucións que lle confire o artigo 21.1 b) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente convenio de colaboración e para o efecto:

EXPOÑEN

PRIMEIRO.- *Que ambas entidades locais están amparadas para a subscripción de convenios de colaboración para garantir unha prestación mais eficaz dos servizos básicos da súa competencia, en virtude do disposto nos artigos 47 a 53 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, e nos artigos 5.2, 187 e 193 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.*

SEGUNDO.- *A Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia, regula no seu artigo 209 a realización polo persoal funcionario propio das entidades locais de funcións e tarefas no ámbito territorial doutras entidades locais establecendo que de acordo co principio de colaboración interadministrativa, o persoal funcionario propio dunha entidade local poderá realizar funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local indicando que para elo as entidades interesadas deberán formalizar o oportuno convenio, o cal especificará o ámbito de aplicación, os servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local, o persoal asignado aos devanditos servizos e as funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.*

TERCEIRO.- *O Concello de Moeche atópase nunha situación moi problemática de escaseza de persoal como consecuencia da baixa laboral por parte da titular das funcións de Tesourería.*

CUARTO.- *A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación, así cabe mediante a necesaria colaboración entre distintas administracións locais, poder prestar aos veciños servizos de calidade*

QUINTO.- *Que o Concello de Valdoviño dispón entre os seus medios persoais, dunha funcionaria que lle pode dar cobertura as necesidades deste Concello*

na materia que nos ocupa.

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto do Convenio e ámbito de aplicación.

O presente Convenio ten por obxecto establecer a forma e condicións de colaboración entre os comparecentes, posto que os dous concellos teñen interese en articular un cauce de colaboración para que a persoa designada polo Concello de Valdoviño, que está conforme coa dita designación, poida desenvolver as súas funcións nas dependencias do Concello de Moeche en calidade de administrativo, de xeito temporal polo prazo máximo de un ano para realizar estas funcións.

SEGUNDA.- Servizos afectados pola realización das funcións e tarefas no ámbito territorial doutra entidade local e detalle das funcións e tarefas que desenvolverá o persoal afectado.

A funcionaria designada realizará as funcións propias da Subescala Administrativa e as recollidas na relación de postos de traballo do Concello de Moeche para os administrativos, especialmente, na área económica de intervención-tesourería (contabilidade, colaboración na rendición de información contable periódica, etc).

TERCEIRA.- Forma de colaboración das partes.

A traballadora do Concello de Valdoviño desenvolverá as súas funcións nas dependencias administrativas do Concello de Moeche, admitindo en situacións puntuais a modalidade de teletraballo.

A intensidade e horarios dependerán das necesidades de ambos concellos fixándose un máximo de 16 horas semanais, sen prexuízo de que por necesidades do servizo se poidan realizar un número maior en circunstancias excepcionais que deberán contar coa autorización de ambos concellos e da traballadora, para o que asinarán un documento conxunto os dous representantes municipais e a funcionaria de acordo co modelo contido no Anexo I deste convenio.

O Concello de Moeche transferirá ao Concello de Valdoviño os importes que deriven do seguinte cálculo: Nº de horas de traballo realizadas mensualmente dentro dos límites sinalados: custo hora gratificación.

A tal efecto, nos dez primeiros días do mes seguinte, o empregado do Concello de Valdoviño presentará un parte de horas realizadas no mes anterior, que será asinado pola Alcaldesa de Concello de Moeche, en proba de conformidade, tramitando o gasto correspondente que será ingresado mediante transferencia bancaria.

O Concello de Moeche aboará o maior custo de Seguridade Social que soporta o Concello de Valdoviño polo incremento de retribucións do persoal afectado polo referido Convenio de Colaboración entre as entidades locais en materia de persoal.

O Concello de Valdoviño aboará a cantidade mensual de gratificacións resultante unha vez recibido o ingreso do Concello de Moeche, na nómina do traballador ó final de cada mes.

CUARTA.- Designación do funcionario/a do Concello de Moeche a que se lle encomenda a realización das ditas tarefas.

O funcionario/a designado/a é /Dna. NATALIA SALGADO VÁZQUEZ.

QUINTA.- Natureza administrativa do convenio.

Este acordo ten natureza administrativa, quedando excluído do ámbito de aplicación da Lei

9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, ao abeiro do disposto no seu artigo 6.

SEXTA.- Cuestións litixiosas.

O presente Convenio ten carácter administrativo, réxese polo establecido nas súas cláusulas. Se non hai acordo, as cuestións litixiosas serán de coñecemento da orde xurisdiccional Contencioso-Administrativa.

SÉTIMA.- Vixencia do convenio.

O presente convenio entrará en vigor dende o momento da súa sinatura polo prazo dun ano.

O Concello de Moeche comprométese a consignar no seu orzamento de 2024 crédito axeitado e suficiente para atender as obrigas derivadas deste convenio. Ademais, o convenio perderá a súa vixencia previa comunicación a outra parte cunha antelación de 15 días, polos seguintes motivos:

- Por non ser necesaria a prestación da dita colaboración, si o Concello de Moeche acada igualmente un funcionamento áxil dos seus servizos.*
- Si a persoa designada para a dita colaboración, manifesta posteriormente non estar conforme con continuar prestando os seus servizos no outro termo municipal.*
- Si o Concello de Valdoviño estima que non é posible colaborar, con motivo de dar cobertura a necesidades propias do seu concello.*

Nestes supostos o empregado designado presentará un parte das horas realizadas pendentes de abonar e no prazo, e previa conformidade da Alcaldía, procederase ao abono dos importes que se determinan na cláusula terceira.

O convenio poderá ser obxecto de prórroga por unha duración máxima igual á estipulada, un ano. A estes efectos será necesario acordo de prórroga expresa adoptado polos órganos competentes de ambos concellos e a constancia da conformidade expresa da funcionaria; todo con carácter previo á finalización do convenio.

**A Alcaldesa do Concello de Moeche
do Concello Valdoviño**

O Alcalde

ANEXO I

Dadas as circunstancias actuais de acumulación de tarefas derivadas de que determinan a necesidade de que, excepcionalmente, se incrementen as horas semanais sinaladas como máximas na cláusula terceira do CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE MOECHE E O CONCELLO DE VALDOVIÑO EN MATERIA DE PERSOAL para a realización de funcións pola administrativa NATALIA SALGADO VÁZQUEZ. Estando todas as partes de acordo na prestación transitoria dun número de horas semanais superior ao indicado e fixando ese máximo para o mes de enhoras/semanais, asinan en proba de conformidade os seguintes:

A Alcaldesa de Moeche
A funcionaria

O Alcalde de Valdoviño

(O presente documento debe acompañarse de certificado ou documento contable de RC na aplicación correspondente para a asunción do custe derivado do incremento de horas semanais).

Segundo.- Dar conta aos servizos económicos aos efectos que procedan.

Terceiro.- Notificar ao Concello de Moeche o acordado pola Xunta de Goberno Local para o seu coñecementos aos efectos oportunos.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2024/A006//000001).

4.- EXPEDIENTES AREA DE OBRAS Y URBANISMO.-

A.-Licenza municipal de obras.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

“Expte: 218/2023 Tedec 2023/U022/000011.

.- Expte. de obras 218/2023.- (representada por)
- Para as obras de **reforma e ampliación de vivenda unifamiliar aillada** no Lugar Os Monetes, 24, parroquia de Sequeiro, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A503008910001HP).

- Proxecto Básico e de execución de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar aillada de planta Baixa, redactado por arquitecto Francisco Javier Piñón Carro, achegado o 16/08/2023 (SEN VISAR).
- Oficio de Dirección de obra de arquitecto a nome de Francisco Javier Piñón Carro, achegado o 16/08/2023.

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **SOLO NON URBANIZABLE**.

Considerando o exposto no **informe do arquitecto municipal de data 9/1/2024:**

Da documentación existente no expediente en tramitación, así como da visita virada por este técnico á parcela en cuestión, non se xustifica a vinculación da construción existente á explotación agrícola da parcela, condición que viña imposta na licenza urbanística outorgada para a súa construción de data 15/11/2002.

E no que conclúe que: *salvo opinión mellor fundada á que se somete o técnico que suscribe o informe, o proxecto de reforma e ampliación de vivenda unifamiliar*

presentado *NON* é viable segundo a normativa en vigor e, polo tanto, se informa a solicitude realizada como **DESFAVORABLE**.

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 10/01/2023 en sentido **DESFAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Denegar a [REDACTED] (representada por [REDACTED]) a licenza municipal de obras para a reforma e ampliación de vivanda unifamiliar aillada no Lugar Os Monetes, 24, parroquia de Sequeiro, Concello de Valdoviño (referencia catastral nº. 15088A503008910001HP).

Segundo.- Aprobar a liquidación da taxa polo exame de proxectos para o outorgamento de licenzas e outros servizos urbanísticos por importe de 220,39 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022//000011).

B. Validación información técnica.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE VALIDACIÓN DE INFORMACIÓN TÉCNICA

“Expte. 297/2021 Tedec 2022/U022/000003

.- Expte. de obras 297/2021. [REDACTED] y [REDACTED] representados por [REDACTED] Para á validación de documentación técnica achegada para executar as obras de construción de vivanda unifamiliar aillada situada no Lugar de O Muíño, 13A, parroquia de Lago, concello de Valdoviño.

Concédesse a licenza de edificación por acordo da Xunta de Goberno Local de data 23.06.2022 condicionado o inicio das obras á aportación da seguinte documentación debidamente visada:

- Proxecto de execución, visado.
- Nomeamento de arquitecto técnico ou aparelador como director de execución da obra, visado polo correspondente colexio profesional e nun modelo homologado por dito colexio.

En data 21/07/2023 co núm. de rexistro de entrada 202399900001209, achegase ao expediente escrito de renuncia á dirección de obra dos arquitectos Luís Javier Aguilar Benavides e Clara Ulargui Aparicio.

En data 03/10/2023 e rexistro xeral de entrada nº. 202399900001591, achégase ao expediente proxecto de execución redactado pola arquitecta Carmen Batanero Marcos e visado polo correspondente colexio profesional o 07/08/2023.

O proxecto de execución achegado non presenta diferenzas con respecto ao proxecto básico xa informado e que obtivo licenza municipal de obras.

En data 27/11/2023 e rexistro xeral de entrada nº. 202399900001841, achégase ao expediente Oficio de dirección de obra de arquitecto a nome de Ignacio José Pita Graña visado polo correspondente colexio profesional o 14/09/2023 e Oficio de dirección de execución de obra de arquitecto técnico e coordinador de seguridade e saúde a nome de Juan Filgueiras Peña, visado o correspondente colexio profesional o 20/09/2023.

Así mesmo, achégase plano U1 visado o 10/11/2023 e que substitúe ao homónimo visado o 07/08/2023.

En data 28/12/2023 e rexistro xeral de entrada nº. 3.585, achégase ao expediente escrito no que se aclara que non se solicita licenza municipal para realizar os peches da parcela.

Visto que a documentación que se achegou ao expediente é conforme e completa, e as condicións urbanísticas non variaron, segundo o informe do arquitecto municipal de data 9 de xaneiro de 2024 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Dar por válida a documentación técnica achegada en data 03.10.2023 co núm. de rexistro de entrada 202399900001591, asinada pola arquitecta Carmen Batanero Marcos e visada o 07/08/2023, o plano U1 visado o 10/11/2023 e que substitúe ao homónimo visado o 07/08/2023, e o oficio de dirección de obra, oficio de dirección de execución de obra e coordinador de seguridade e saúde, podendo dar comezo as obras incluídas na licenza correspondente ao expediente 297/2021.

Segundo.- Considerando que o orzamento de execución material de referencia (PEMR) reflexado no proxecto de execución e o orzamento de execución material da obra (PEM) non varía, non hai variación na liquidación practicada no acordo de concesión da licenza de data 23.06.2023.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo.”

En Valdoviño, na data da sinatura á marxe,
O Alcalde, Alberto González Fernández.”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expte referencia: 2023/U022//000003).

5º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde levantou a sesión, ás dez horas do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/